

O PSdeG reclama no Parlamento poñer en marcha o Porto Seco de Monforte en 2014 tras o “continuo incumprimento de prazos” por parte da Xunta

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

O deputado monfortino Vicente Docasar impulsa varias iniciativas para “garantir os investimentos do goberno galego” despois do compromiso adquirido o pasado venres nunha reunión coa Plataforma Cidadá en Defensa da Comarca de Lemos

O PSdeG vén de rexistrar no Parlamento varias preguntas en comisión parlamentaria e en pleno, e unha proposición non de lei, para que a Xunta explique cal é o seu compromiso e os prazos previstos para a posta en funcionamento do Porto Seco de Monforte. O deputado monfortino Vicente Docasar resposta deste xeito á preocupación transmitida polos colectivos sociais da comarca na reunión do pasado venres 11, despois do “continuo incumprimento de prazos” do Goberno galego para esta infraestrutura. Na proposición non de lei, os socialistas instan a “poñer en funcionamento a plataforma loxística no primeiro semestre do ano 2014” e a “deseñar unha oferta de solo que contemple diferentes opcións que faciliten a implantación empresarial nun contexto de grave crise económica, como o alleamento con período de carencia ou o aluguer con opción de adquisición”.

Os socialistas lembran que o Porto Seco é “o grande proxecto de desenvolvemento económico para o sur da provincia de Lugo”, e que “recentemente a Unión Europea aprobou o novo mapa de redes de transporte de mercadorías por ferrocarril, que inclúe a Monforte”. Para a súa entrada en funcionamento, afirman, “é imprescindible resolver os problemas de urbanización e de saneamento”, e “precisamente o saneamento non foi contemplado no contrato de urbanización asinado o pasado ano, atrasando aínda máis a posta en funcionamento”. A pasada primavera o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas visitaba as obras e comprometía prazos “que non foron cumpridos”, e “tamén foron incumplidos os prazos propostos no pasado mes de novembro”, engaden.

Por todo isto, “as empresas observan con preocupación a situación” e subliñan as dificultades derivadas do incumprimento de prazos para calquera compromiso de investimento. “Existe coincidencia ampla na importancia do Porto Seco, pero tamén dúbidas sobre un proxecto que dura xa tres lustros e non ten datas de remate”, din os socialistas, que esixen un compromiso firme da Xunta máis aló do reflectido nos orzamentos.

(Adxuntamos as iniciativas parlamentarias)

Lugo, 16 de xaneiro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com